

Ref.: AVV/AICC

Circular da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais sobre a elección dos membros representantes do profesorado no consello social dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A presente circular ten por obxecto establecer o procedemento de elección de representantes do claustro de profesorado no consello social dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se determina na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do consello social nos centros integrados de formación profesional de Galicia.

A disposición transitoria primeira da devandita orde establece que, no prazo máximo dun mes desde a súa entrada en vigor, as autoridades, as entidades e as institucións sinaladas no artigo 4 designarán as súas persoas representantes nos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional.

Por outra banda, o seu artigo 4 determina que os consellos sociais dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estarán integrados por tres profesoras ou profesores do claustro do centro, que se elixirán segundo o proceso que se establece no seu artigo 9.

Xa que logo, co fin de que a devandita elección se realice de xeito áxil e coordinado, o proceso de elección que regula o artigo 9 da devandita orde deberá realizarse con base nas seguintes indicacións:

Primeira.- Lugar e prazo de presentación de candidatos e candidatas.

O prazo para a presentación de candidaturas abrirase ás 9:00 horas do 26 de febreiro e pecharase ás 14:00 horas do 4 de marzo de 2009. As candidaturas presentaranse nunha solicitude por escrito ante o secretario ou a secretaria do centro.

Segunda.- Claustro extraordinario de carácter informativo.

O 5 de marzo de 2009, o director ou a directora de cada centro integrado de formación profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria celebrarán un claustro extraordinario para a lectura da normativa de aplicación ao proceso de elección (Orde do 22 de xaneiro de 2009 e a presente circular e, con carácter subsidiario, entanto que non se aprobe a normativa específica que regula o funcionamento dos centros integrados, o Decreto 92/1998, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, DOG do 29 de abril de 1988) e para realizar a proclamación de candidatos e candidatas.

Terceira.- Claustro extraordinario para a elección de representantes.

O 11 de marzo de 2009 celebrárase un claustro extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes do profesorado no consello social do centro integrado.

Para a válida constitución do claustro estarase ao que determina o apartado 6 do artigo 9 da Orde do 22 de xaneiro.

Cuarta.- Mesa electoral.

Na sesión de claustro extraordinario constituirase unha mesa electoral integrada polo director ou a directora do centro integrado, que actuarán como presidente ou presidenta, e os membros do profesorado de maior e de menor idade. Este último exercerá a secretaría da mesa.

Quinta.- Celebración da elección.

O director ou a directora do centro integrado elaborarán unha papeleta onde figurarán todos os candidatos e as candidatas que se proclamaran. Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo de dous nomes de entre os candidatos e as candidatas que se proclamaran.

Elixiranse os candidatos e as candidatas que obteñan un maior número de votos. En caso de empate elixirase quen teña maior antigüidade no centro e, de persistir a igualdade, a elección dirimirase por sorteo.

Sexta.- Realización do escrutinio e acta da votación.

Logo de rematada a votación, a mesa electoral procederá ao escrutinio dos votos, que será público. Posteriormente, o secretario ou a secretaria levantarán acta da elección, na que se farán constar os representantes elixidos, co número de votos obtidos e os nomes de todos os non elixidos, con especificación dos votos obtidos en cada caso, para os efectos de posibles substitucións futuras.

Poderase empregar o modelo de acta que figura no anexo I da Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de

eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 13 de setembro de 2008), *pero indicando sempre que a elección é para representantes do profesorado no consello social do centro integrado que corresponda.*

Sétima.- Publicación e remisión da copia da acta.

O día 12 de marzo publicarase no taboleiro de anuncios do centro o resultado da votación, e indicaranse as candidaturas que resultaran elixidas. O día 13 de marzo o presidente ou presidenta da mesa electoral enviaranlle unha copia da acta da elección ao delegado ou á delegada provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ao director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e ao Consello Galego de Formación Profesional.

Oitava.- O resultado da votación poderá ser obxecto de reclamación perante o delegado ou a delegada provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución da devandita reclamación porá fin á vía administrativa.

Novena.- A sesión constitutiva do consello social realizarase antes do 30 de marzo de 2009.

Décima.- A falta de candidaturas non invalidará a constitución do consello social de cada centro.

Undécima.- Os directores e as directoras dos centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria difundirán a presente circular entre as persoas integrantes do claustro do seu centro.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009

O director xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez